

Rosa Montero (Madrid, 1951). Xornalista e escritora. Estudou Xornalismo e Psicoloxía. Colaborou con grupos de teatro independente coma Canon ou Tábano, ao tempo que comezaba a publicar en diversos medios informativos (*Fotogramas, Pueblo, Posible*).

Desde finais de 1976 traballa de maneira exclusiva para o diario *El País*, no que foi redactora xefa do suplemento dominical durante 1980 e 1981.

En 1978 gañou o Premio Mundo de Entrevistas, en 1980 o Premio Nacional de Periodismo para reportaxes e artigos literarios e en 2005 o Premio da Asociación da Prensa de Madrid a toda unha vida profesional.

Publicou as novelas *Crónica del desamor* (1979); *La función Delta* (1981); *Te trataré como a una reina* (1983); *Amado amo* (1988); *Temblor* (1990); *Bella y oscura* (1993); *La hija del caníbal*, Premio Primavera de Novela en 1997; *El corazón del Tártaro* (2001); *La loca de la casa* (2003), Premio Qué Leer 2004 ao mellor libro do ano, premio Grinzane Cavour ao mellor libro estranxeiro publicado en Italia en 2005, premio Roman Primeur 2006, Francia, e Grand Prix Littéraire de Saint-Emilion, Pomerol, Fronsac (2005-2006); *Historia del rey transparente* (2005), Premio Qué Leer 2005 ao mellor libro do ano e Premio Mandarache 2007; *Instrucciones para salvar el mundo* (2008), premio dos lectores do Festival de Literaturas Europeas de Cognac, Francia (2011); *Lágrimas en la lluvia* (marzo de 2011); *Lágrimas en la lluvia. Cómic* (outubro de 2011), Premio ao Mellor Cómic 2011 por votación popular no Salón Internacional do Cómic de Barcelona; *La ridícula idea de no volver a verte* (marzo de 2013), Premio da Crítica de Madrid (2014) e Premio do Libro na categoría de novela estranxeira da Biblioteca de Le Plessis-Robinson; e *El peso del corazón* (2015).

Tamén publicou o libro de relatos *Amantes y enemigos*, Premio Círculo de Críticos de Chile 1999, e dous ensaios biográficos, *Historias de mujeres* e *Pasiones*, así como contos infantís e recompilacións de entrevistas e artigos.

O seu último libro publicado é *La carne* (Alfaguara, 2016).

A súa obra foi traducida a máis de vinte idiomas, é Doutora Honoris Causa pola Universidade de Porto Rico e Premio Internacional Columnistas do Mundo 2014.

En 2017 foi galardoada co Premio Nacional das Letras, concedido polo Ministerio de Cultura.

Web: www.rosamontero.es

Twitter: @BrunaHusky